



Recomendacións matrícula de Probas Libres 2021/2022

(Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación modificada pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro).

1. As persoas aspirantes serán convocadas nun **único chamamento** para a xornada de acollemento, e para cada parte da proba. **Deberán ter consigo o Documento Oficial de Identidade**, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea, xa que en calquera momento se lles pode requirir que acrediten a súa identidade.
2. As persoas matriculadas serán convocadas a unha **Xornada de acollemento** onde se lles dará información e instrucións para a realización das probas. Esta terá lugar **mércores 1 de xuño ás 19:00h no Salón de Actos** do centro. A asistencia a esta xornada é de carácter **OBRIGATORIO** (agás causa xustificada). Quen non asista causará baixa de oficio.
3. As persoas matriculadas **deberán presentarse a todos os módulos nos que estean matriculados e ás dúas partes da proba de cada módulo**, de non ser así causarán baixa de oficio. (Non se presentarán á 2ª parte de proba cando non superen a 1ª parte, xa que esta é eliminatoria. As puntuacións obtidas serán expostas no taboleiro de anuncios así como na páxina web do centro, mais no caso de existir algún erro ou diferenza entre a información publicada na web e a publicada no centro, terá validez oficial esta última). É importante antes de formalizar a matrícula consultar o calendario e horario das probas e as programacións dos módulos que estarán accesibles na web.

As persoas que causen **baixa de oficio** perderán a condición de persoa matriculada na proba, polo que:

- Non se terá en conta ningunha cualificación.
 - Non poderán presentar unha solicitude de inscrición nas probas do curso académico seguinte agás que haxa vacantes logo de resolto o proceso de admisión.
4. Quen desexe **solicitar a validación dalgún módulo profesional** deberao facer constar no momento de presentar a solicitude de matrícula para as probas (Cubrir modelo de instancia Anexo XIV Orde 12 de xullo de 2011 e xuntar documentación). As persoas pendentes de validación nalgún módulo deberán presentarse a proba do correspondente módulo profesional.

NOTA INFORMATIVA: Non é necesaria a matrícula en todos os módulos do Ciclo Formativo, só nos estritamente necesarios para a súa superación por probas ou por validación.